

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 14.03.2018 Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 21870 (10/POC-003512)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 6 máis
Sobre os programas que desenvolve a Xunta de Galicia para incrementar o consumo de leite nos centros de ensino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.2 21874 (10/POC-003514)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 6 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia verbo das axudas a proxectos de transformación de produtos agrarios concedidas nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.3 8678 (10/POC-003826)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre os datos referidos ao sacrificio de gando no Matadoiro municipal de Ourense nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017, reflectidos na listaxe ou resumo mensual do libro de control sanitario que asina o Servizo veterinario oficial
Publicación da reconversión, BOPG n.º 243, do 19.01.2018
- 1.4 24435 (10/POC-004064)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas e previstas pola Consellería do Medio rural para evitar as consecuencias para o sector lácteo de Galicia da normativa europea referida ás emisións de amoníaco á atmosfera ocasionadas polos zurros procedentes das explotacións gandeiras e a aplicación destes nos solos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018
- 1.5 24526 (10/POC-004098)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre os datos referidos á participación das mulleres do medio rural na titularidade das explotacións agrarias e nas directivas das cooperativas entre os anos 2012 e 2017 e a avaliación do Goberno galego referida ao estudo realizado nos últimos anos en relación co impacto de xénero na programación, na xestión e no seguimento do Fondo Europeo Agrícola de Garantía e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, así como as normas, os acordos, os proxectos subvencionados e as iniciativas de desenvolvemento rural postas en marcha para mellorar a situación da muller no ámbito rural en todos os aspectos

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

- 1.6 24531 (10/POC-004103)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre a situación en que se atopa a industria Artesáns Galegos da Carne, o seu endebedamento actual coas cooperativas relacionadas e cos gandeiros a título individual, así como as medidas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para paliar esta situación, garantir o pagamento das cantidades pendentes e protexer, apoiar e defender os gandeiros afectados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018
- 1.7 24638 (10/POC-004113)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a dispoñibilidade pola empresa Tragsa de permiso de cesión das instalacións públicas da base helitransportada de San Xoán de Río, da Consellería do Medio Rural, para levar a cabo labores de restauración nas zonas queimadas do distrito XIII, na comarca de Trives-Caldelas, mediante o método de "heomulching" ou acolchado con palla
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018
- 1.8 25655 (10/POC-004220)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dalgún estudo en relación co censo actual e distribución da poboación do xabaril en Galicia, as actuacións que vai levar a cabo para frear os danos que ocasiona ás explotacións agrarias e as medidas que vai impulsar para afrontalos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018
- 1.9 26819 (10/POC-004356)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 3 máis
Sobre as intencións do Goberno galego referidas á reconsideración da súa actual posición de publicar o Plan forestal de Galicia sen contar coas



achegas do sector, das entidades sociais afectadas, dos sindicatos e dos partidos políticos, así como a súa opinión respecto da necesidade de debatelos e aprobalos finalmente no Parlamento de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 8678(10/POC-003826)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre os datos referidos ao sacrificio de gando no Matadoiro municipal de Ourense nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017, reflectidos na listaxe ou resumo mensual do libro de control sanitario que asina o Servizo veterinario oficial

Publicación da reconversión, 243, 19.01.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 18:22
Nº Rexistro: 8678
Data envío: 04/05/2017 18:22:53.790



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Quinteiro Araumo e Davide Rodríguez Estévez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**

A xestión realizada polo Concello e a empresa concesionaria do Matadoiro municipal de Ourense é opaca e presenta numerosas incongruencias en termos de control do gando sacrificado.

Para comprobar a veracidade dos partes entregados ao concello polo xerencia do Matadoiro é necesario coñecer os datos oficiais de control sanitario realizados polos funcionarios da Xunta de Galicia, datos que a día de hoxe son descoñecidos por parte da corporación municipal de Ourense, a pesar de ser requiridos en diversas ocasións tanto nas comisións municipais, como mediante a presentación da oportuna queixa a Valedora do Pobo,

É tan elevado o nivel de ocultación que con data 16 de Agosto de 2016 a xefatura territorial da consellería de Sanidade de Ourense, nega esta documentación a membros da corporación Ourensá expresando ademais que deben acudir ao Xulgado do Social para que se atenda a súa petición, Xulgado que nada ten a ver coas competencias sobre as que solicitan información

Para que o conxunto da oposición, tanto municipal como Parlamentar pode exercer o deber de control que lle ven recoñecido pola constitución e o estatuto de autonomía é necesario que o acceso a información sexa total e se garanta a transparencia e veracidade.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 18:22
Nº Rexistro: 8678
Data envío: 04/05/2017 18:22:53.790



Por todo isto, En Marea formula a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita:**

Cales son os datos recollidos no listado/resumo mensual do libro de control sanitario de sacrificio de gando que asina o servizo veterinario oficial referidos os anos 2014 , 2015 e 2016 así como os que se refiren o que vai de 2017?

Santiago de Compostela, 4 de Maio de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/05/2017 18:21:32

Paula Quinteiro Araújo na data 04/05/2017 18:21:39



David Rodríguez Estévez na data 04/05/2017 18:21:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 18:22
Nº Rexistro: 8678
Data envío: 04/05/2017 18:22:53.790



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 14.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 21870(10/POC-003512)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre os programas que desenvolve a Xunta de Galicia para incrementar o consumo de leite nos centros de ensino

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2017 09:30
Nº Rexistro: 21870
Data envío: 27/12/2017 14:21:20.314

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario que o Goberno galego explique as medidas que está a adoptar para incrementar o consumo de leite nos centros de ensino.

Sabendo da importancia que ten para a saúde o consumo de produtos lácteos, cremos necesario que se leven a cabo campañas de divulgación e promoción do consumo de leite e produtos lácteos entre a xente máis moza do noso país.

Neste senso, a curto prazo é necesario potenciar o consumo destes produtos entre os nenos e a mocidade e, a longo prazo, crear hábitos alimenticios saudables de cara o seu futuro.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que programas desenvolve a Xunta de Galicia para incrementar o consumo de leite nos centros de ensino?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2017 09:30
Nº Rexistro: 21870
Data envío: 27/12/2017 14:21:20.314

Daniel Vega Pérez na data 27/12/2017 14:04:05

José González Vázquez na data 27/12/2017 14:04:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2017 14:04:22

Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2017 14:04:33

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2017 14:04:50

Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2017 14:04:57

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 14:05:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 14.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 21874(10/POC-003514)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia verbo das axudas a proxectos de transformación de produtos agrarios concedidas nos últimos anos

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2017 09:30
Nº Rexistro: 21874
Data envío: 27/12/2017 14:22:07.271

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos interesarnos polo sector agrario galego e querémolo facer desde o punto de vista da transformación, pilar fundamental para garantir o futuro da gandería como sector prioritario para a economía galega e, así, avanzar e apostar decididamente no noso rural.

Así, a transformación dos produtos agrarios é un dos eixos fundamentais para crear postos de traballo no rural e, polo tanto, garante a viabilidade para que se poda vivir do mesmo.

Hoxe en día podemos falar de industrias producindo gran cantidade de leite cunha calidade excepcional para a súa venda en líquido pero nós temos como obxectivo seguir a impulsar a transformación en derivados lácteos.

Pero tamén é fundamental a transformación dos produtos cárnicos, a viticultura e os produtos da horta galega.

Polo tanto, desde este Grupo Parlamentario estamos a interesarnos pola transformación dos produtos agrarios galegos desde unha perspectiva global.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2017 09:30
Nº Rexistro: 21874
Data envío: 27/12/2017 14:22:07.271

Que balance fai a Xunta de Galicia das axudas a proxectos de transformación de produtos agrarios concedidas nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 27/12/2017 14:09:22

José González Vázquez na data 27/12/2017 14:09:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2017 14:09:41

Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2017 14:09:47

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2017 14:09:54

Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2017 14:10:00

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 14:10:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 14.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 24435(10/POC-004064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas e previstas pola Consellería do Medio rural para evitar as consecuencias para o sector lácteo de Galicia da normativa europea referida ás emisións de amoníaco á atmosfera ocasionadas polos zurros procedentes das explotacións gandeiras e a aplicación destes nos solos

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:34
Nº Rexistro: 24435
Data envío: 30/01/2018 17:34:51.402

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

No Real Decreto 1078/2014, o anexo II recolle as Boas Condicións Agrarias e Medioambientais da terra. A BCAM 6 do apartado 2 (solo e reserva de carbono), que fai referencia ó mantemento da porcentaxe de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas, incorporaría a seguinte prohibición:

"A aplicación do purín nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de prato ou abano nin canóns, podendo as Comunidades Autónomas estableceren excepcións, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións orográficas e climáticas, ou outros motivos, debendo as mesmas quedaren debidamente xustificadas."

O sistema de condicionalidade establecido no REGULAMENTO (UE) nº 1306/2013 do Parlamento europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, inclúe un marco a partir do cal os estados membros deben adoptar normas nacionais de boas condicións agrarias e ambientais.

O marco da Unión debe incluír normas para abordar mellor as cuestións da auga, do solo, das reservas de carbono, da biodiversidade e da paisaxe, así como do nivel mínimo de mantemento da terra.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:34
Nº Rexistro: 24435
Data envío: 30/01/2018 17:34:51.402

Os beneficiarios da PAC deben comprender claramente as súas obrigacións en relación coas normas de condicionalidade. Para iso, tódolos requisitos e normas que forman parte das mesmas deben ser comunicadas polos estados membros de forma exhaustiva, comprensible e explicativa, mesmo, cando sexa posible, por medios electrónicos

No artigo 94 deste regulamento establécense as obrigas dos Estados membros relativas ás boas condicións agrarias e ambientais:

"Os estados membros garantirán que toda a superficie agrícola, incluída a que xa non se utilice para a produción, se manteña en boas condicións agrarias e ambientais.

Os estados membros definirán, a nivel nacional ou rexional, as normas mínimas para os beneficiarios de boas condicións agrarias e ambientais da terra sobre a base do anexo II, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións edafolóxicas e climáticas, os sistemas de explotación existentes, a utilización das terras, a rotación de cultivos, as prácticas de explotación agraria e as estruturas de explotación.

Os estados membros non definirán requisitos mínimos que non estean establecidos no anexo II.

O primeiro que non está claro, e haberá que xustificar legalmente é por que meter esta medida, que afecta, e de que maneira, ó sector lácteo e cárnico bovino case exclusivamente. Nas BCAMs da condicionalidade da PAC, xa que esta nova "medida" non ten fundamento científico agronómico desde o punto de vista de manter a materia orgánica do solo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:34
Nº Rexistro: 24435
Data envío: 30/01/2018 17:34:51.402

(*BCAM 6. Mantemento do nivel de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas, incluída a prohibición de queimar os restollos, excepto por razóns fitosanitarias*)

A utilización de novos apeiros para aplicar o xurro en terreos inclinados, aumenta as necesidades de tracción dos tractores, o prexudicar a estrutura do solo, favorecer a erosión, e a escorrentía de nutrientes cara as augas.

Un informe da Comisión Europea sobre as emisións de gases contaminantes do sector gandeiro aclara que o sector de vacún de leite é o que menos amoníaco emite á atmosfera, sendo os nitratos de síntese e o porcino os principais sectores contaminantes. É máis, en cifras o gando de vacún de leite é responsable só do 4,4% das emisións de amoníaco de orixe agrícola. Pola contra, a gran maioría destas corresponden ós nitratos de síntese (19,7%) e ao porcino (17,5%).

Sendo isto certo, a pregunta é: por que ten que paga-los pratos rotos o sector lácteo con medidas restritivas condicionando o pago da PAC?

Así como, cal é a razón pola que non se opta por outros aspectos amortecedores das emisións coma o pastoreo, o enterrado inmediato con laboreo, a diminución do uso de abonos químicos como a urea, as condicións climáticas, orográficas e edafolóxicas?

O motivo aducido polo Ministerio é o de reduci-las emisións de amoníaco de orixe agrícola aplicando técnicas que diminúan a volatilización do nitróxeno dos xurros, pero non toma medida cos nitratos de síntese que na Unión Europea representan o 20,8% das emisións.

O Programa Europeo de Avaliación da Calidade do Aire déixao moi claro: as zonas con maior contaminación por amoníaco do Estado español son as que teñen máis



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:34
Nº Rexistro: 24435
Data envío: 30/01/2018 17:34:51.402

concentración de porcino, en concreto as comunidades de Cataluña e Aragón fundamentalmente. Pola contra onde se concentra a cabana leiteira, Galicia e a Cornixa Cantábrica, son as de niveis máis baixos.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Por que ten que paga-los pratos rotos o sector lácteo con medidas restritivas condicionando o pago da PAC ?

-Cal é a razón pola que non se opta por outros aspectos amortecedores das emisións coma o pastoreo, a redución de uso de abonos químicos como a urea, o enterrado inmediato con laboreo, as condicións climáticas, orográficas e edafolóxicas,...?

-Que medidas tomou ata o de agora a Consellería de Medio Rural para defende-lo sector desta arbitrariedade e cales pensa tomar ?

-É consciente a Consellería de que estas medidas poden facer pecha-las explotacións de leite familiares e de menos tamaño afondando na crise demográfica e o despoboamento do rural galego?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:34
Nº Rexistro: 24435
Data envío: 30/01/2018 17:34:51.402

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2018 17:32:26

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2018 17:32:31

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2018 17:32:32

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2018 17:32:34

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2018 17:32:35

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2018 17:32:36

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 24526(10/POC-004098)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre os datos referidos á participación das mulleres do medio rural na titularidade das explotacións agrarias e nas directivas das cooperativas entre os anos 2012 e 2017 e a avaliación do Goberno galego referida ao estudo realizado nos últimos anos en relación co impacto de xénero na programación, na xestión e no seguimento do Fondo Europeo Agrícola de Garantía e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, así como as normas, os acordos, os proxectos subvencionados e as iniciativas de desenvolvemento rural postas en marcha para mellorar a situación da muller no ámbito rural en todos os aspectos

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24526
Data envío: 30/01/2018 19:21:05.666



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e Maria Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, subliñábase o interese en conseguir *máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia*. Tamén remarca o reforzo e a integración do principio de transversalidade de xénero na actuación xeral da Administración pública galega para conseguir unha igualdade real de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

As mulleres que habitan nas zonas do rural, tanto en Galicia, como en España, coma no resto dos Estados membros da Unión Europea (UE), non constitúen un grupo homoxéneo nin moito menos. As súas particularidades, como a súas diferentes situacións persoais, socioeconómicas, laborais, necesidades e contribucións á sociedade en xeral, varían moito entre os distintos lugares, rexións e estados. Polo tanto, non existe unha única estratexia a seguir, senón que cada lugar ten as súas particularidades, aínda que todas comparten, ou deberían de compartir, os mesmos eixes estratéxicos e principios.

As iniciativas que xorden dos distintos movementos sociais, institucións e sociedade están encamiñadas a múltiples e diversos ámbitos na igualdade entre mulleres e homes, o cal é un principio fundamental da UE e os seus Estados membros. A participación activa nos procesos de toma de decisións, na preservación de tradicións culturais, turísticas, de innovación e dinamizadoras da produción agraria e gandeira, contribúen á edificación e consolidación da identidade de xénero rexional. O cal é un obxectivo fundamental para o empoderamento da muller en todos os ámbitos, e especialmente no rural.

Tendo en conta o proceso de urbanización cada vez máis acelerado e a pirámide demográfica inversa galega, o mantemento da poboación activa, dinámica e próspera no eido rural é esencial para a fixación da poboación, conservación do medio ambiente e relevo xeracional. En todos eses ámbitos, a muller representa un papel máis que relevante. Non obstante, malia a relevancia da muller, esta



Grupo Parlamentario

atópase infrarrepresentada, fóra dos espazos de toma de decisións, invisibilizada e con máis dificultades para o acceso ao mercado laboral en comparación cos homes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cos diferentes plans, tanto os impulsados polo Goberno do Estado, como pola Xunta de Galicia, trátase de traballar para mellorar a situación da muller no ámbito rural en todos os aspectos.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas explotacións agrarias de titularidade compartida, por sectores, se deron de alta nos anos 2012, 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos, e cantas mulleres están inscritas como cotitulares de explotación agrarias dende os anos indicados?

2ª) Cal é o número de cooperativas, por sectores en cada unha das provincias galegas, e cal é a porcentaxe de mulleres e homes nas directivas das cooperativas?

3ª) Cal é a avaliación que fai a Xunta de Galicia sobre estudo realizado nos últimos anos sobre o impacto de xénero na programación, xestión e seguimento do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)?

4ª) Cantas normas e acordos puxo en marcha a Xunta de Galicia para favorecer o acceso das mulleres á terra con vocación agraria, cantas mulleres son arrendatarias de parcelas do Banco de Terras, e que porcentaxe hai de mulleres sobre o total de persoas arrendatarias?

5ª) Cantos proxectos subvencionados se puxeron en marcha en Galicia para potenciar o empoderamento feminino e que porcentaxe representa sobre o total dos proxectos subvencionados no medio rural?



Grupo Parlamentario

6ª) En relación coa perspectiva de xénero, que criterios de valoración a favor do empoderamento feminino se incorporaron ás medidas de acción positiva para as mulleres, cantas iniciativas de desenvolvemento rural con perspectiva de xénero foron premiadas cos premios Agader, e cantas iniciativas de desenvolvemento rural con acción positiva para as mulleres foron premiadas cos premios Agader?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

7ª) Cantos e que estudos sobre a mobilidade das mulleres no medio rural foron realizados, en cantos e en que concellos; cantas e que accións de mellora foron implantadas e en que concellos?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/01/2018 19:11:59

José Antonio Quiroga Díaz na data 30/01/2018 19:12:08

María Luisa Pierres López na data 30/01/2018 19:12:21

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 24531(10/POC-004103)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a situación en que se atopa a industria Artesáns Galegos da Carne, o seu endebedamento actual coas cooperativas relacionadas e cos gandeiros a título individual, así como as medidas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para paliar esta situación, garantir o pagamento das cantidades pendentes e protexer, apoiar e defender os gandeiros afectados

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24531
Data envío: 30/01/2018 19:25:21.308



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A importancia de Artesáns Galegos da Carne radica en que se trata dunha industria de referencia no sector do vacún de carne. A empresa estaba liderada por Carcosa S.A, unha firma coruñesa especializada na comercialización e distribución, que tiña ao redor dun 70 % da sala de despezamento.

O outro socio destacado é a cooperativa de segundo grao Artesáns Gandeiros que naceu no ano 2011, unha cooperativa que aglutinaba a uns 4.000 produtores, ofrecendo servizos de comercialización de gando vacún de carne e asesoramento técnico, cunha participación ao redor dun 25 %, que engloba á súa vez a unha decena de cooperativas de base onde está integrada Clun (Os Irmandiños, Melisanto, Feiraco), Agris, Mopán, Icos, A Carqueixa, Lemos, Agraganadera de Sarria, San Mamede de Nodar e Leira. Cunha parte testemuñal está tamén o matadoiro de Castro (Frilea, Frigoríficos do Lea).

A crise de Artesáns Galegos da Carne, iniciada nos últimos anos, xerou nunha primeira fase de atrasos nos pagos aos socios de Artesáns Gandeiros, que comercializaban a maior parte do seu gando a través desta empresa. A continuidade dos problemas levou nos últimos meses a Artesáns Gandeiros a tomar a decisión de traballar con outras industrias cárnicas e a suprimir a comercialización do gando a través de Artesáns Galegos da Carne.

Os problemas de Artesáns Galegos da Carne, con todo, preocupan a Artesáns Gandeiros, pois a industria mantén unha importante débeda co sector produtor. A falta de pagamentos afectan en especial ás cooperativas, que puxeron diñeiro para abonarlle o gando aos seus socios.



Grupo Parlamentario

Peor é a situación dos gandeiros a título individual que lle venderon nos últimos meses gando a Artesáns Galegos da Carne a través de tratantes ou compradores. As débedas desta empresa repercuten en primeiro termo nos tratantes e, en último, nos gandeiros. Hai ganderías con débedas de 5.000 euros e superiores.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Actualmente a débeda total da industria, rolda os 6 millóns de euros, unha situación que abocou á sala de despezo a un concurso de acredores.

As perspectivas apuntan a unha futurible entrada no proxecto da maior cooperativa agroalimentaria de España. Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a situación na que se atopa a día de hoxe Artesáns Galegos da Carne?

2ª) Cal é a débeda actual de Artesáns Galegos da Carne ás cooperativas?

3ª) Cal é a débeda actual de Artesáns Galegos da Carne aos gandeiros a título individual?

4ª) Trala renuncia de Coren á compra de Artesáns Galegos da Carne que accións vai adoptar a Consellería de Medio Rural para paliar esta situación e garantir o cobro das débedas pendentes coas cooperativas?

5ª) Ten o Goberno galego algunha medida prevista para protexer, apoiar e defender aos gandeiros a título individual que non cobraron o que deberían e así mitigar os custes e danos asociados aos non pagamentos, se for así, que medidas son?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/01/2018 19:15:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24531
Data envío: 30/01/2018 19:25:21.308



 **Grupo Parlamentario**

José Antonio Quiroga Díaz na data 30/01/2018 19:15:13

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 24638(10/POC-004113)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a dispoñibilidade pola empresa Tragsa de permiso de cesión das instalacións públicas da base helitransportada de San Xoán de Río, da Consellería do Medio Rural, para levar a cabo labores de restauración nas zonas queimadas do distrito XIII, na comarca de Trives-Caldelas, mediante o método de "heomulching" ou acolchado con palla

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.^a**

Despois dos lumes que asolaron Galiza no ano 2017, moitos lugares de pendente elevada necesitaban dun plan urxente de restauración antes de que viñeran as choivas, sobre todo despois de confirmarse o que tódalas previsións dicían: que as escorrentías do inverno, lavarían cinza das ladeiras e estas pararían nos cauces hidrolóxicos.

Foron moitas as organizacións e plataformas que deron conta de que se precisaba unha labor de rexeneración e contención da cinza canto antes.

A Xunta volve a usar o método do “Heomulching” ou acolchado con palla, sobre todo en zonas que son visibles pola poboación, aínda que non faga falta.

No distrito XIII (comarca de Trives-Caldelas) atópase a empresa Tragsa ocupando a base helitransportada de San Xoán de Río para facer estes labores de restauración.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a:

Posúe a empresa Tragsa permiso de cesión das instalacións públicas da
Consellería de Medio Rural para facer uso delas?

Santiago de Compostela, a 31 de xaneiro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 31/01/2018 12:53:17

Paula Quinteiro Araújo na data 31/01/2018 12:53:26

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 14.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 25655(10/POC-004220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dalgún estudo en relación co censo actual e distribución da poboación do xabaril en Galicia, as actuacións que vai levar a cabo para frear os danos que ocasiona ás explotacións agrarias e as medidas que vai impulsar para afrontalos

Publicación da iniciativa, 261, 15.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 18:17
Nº Rexistro: 25655
Data envío: 07/02/2018 18:17:23.214

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A explosión demográfica do porco bravo arredor dos anos 80 coincide coa expansión de praderías, cultivos e a peste do eucalipto. Alimento e acubillo en aumento.

As explotacións agrarias e gandeiras galegas e en xeral todo o campo galego vén sufrindo cada vez máis intensamente danos ocasionados pola fauna salvaxe, cunha incidencia enorme no caso do porco bravo. Os danos que este animal ocasiona nos millos, praderías, patacas..., son considerables.

A sociedade destes tempos pide e esixe cada vez con maior intensidade o respecto pola fauna en xeral e medidas conservacionistas. Harmonizar os intereses aparentemente encontrados dos agricultores e gandeiros e da conservación da fauna semella labor imposible. Non é así.

Mais os danos a cultivos son reais e o abandono da Consellería tamén. Ademais das outras medidas que serán obxecto doutra iniciativa e que deberan dar resultados a longo prazo, o certo é que os agricultores reclaman axudas paliativas dos danos ocasionados ademais das outras que controlen a poboación. Non falamos de lazo e escopeta que demostraron que lonxe de minimizar o problema e controla-la poboación, esta aumenta de xeito alarmante.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 18:17
Nº Rexistro: 25655
Data envío: 07/02/2018 18:17:23.214

Botamos en falta unhas e outras. O motivo desta iniciativa é recupera-las liñas de axudas que reparen os danos que o porco bravo ocasiona nos cultivos e propiedades dos agricultores e máis nas estradas. Neste contexto faise incomprensible que a Xunta de Galiza deixase de pagar axudas polos danos ocasionados por este animal.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1-- Ten previsto o seu Goberno elaborar algún estudo acerca do censo actual e da distribución da poboación do porco bravo en Galiza?

2-- Que actuacións ten previsto impulsar para frear a proliferación de danos do xabaril ás explotacións agrarias en Galiza?

3-- Que medidas ten previsto impulsar coa finalidade de facer fronte ós danos que ocasiona a poboación de porco bravo en Galiza?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 18:17
Nº Rexistro: 25655
Data envío: 07/02/2018 18:17:23.214

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2018 18:14:09

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2018 18:14:14

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2018 18:14:15

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2018 18:14:16

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2018 18:14:19

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2018 18:14:21

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 14.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.9 26819(10/POC-004356)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego referidas á reconsideración da súa actual posición de publicar o Plan forestal de Galicia sen contar coas achegas do sector, das entidades sociais afectadas, dos sindicatos e dos partidos políticos, así como a súa opinión respecto da necesidade de debatelo e aprobalo finalmente no Parlamento de Galicia

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 18:28
Nº Rexistro: 26819
Data envío: 22/02/2018 18:28:43.227



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Paula Quinteiro Araujo, David Rodriguez Estévez e Luis Villares Naveira, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o súa resposta oral na Comisión 7.^a, **relativa ao Plan Forestal de Galicia**.

Asociacións do sector forestal, sindicatos, comunidades de montes, partidos políticos, etc. puxéronse en contacto coa Xunta de Galicia para instala a que a revisión do Plan Forestal de Galicia se fixese de maneira colaboradora, para ser tal de xerar os maiores valores para a sociedade galega, os seus propietarios forestais, as súas empresas e a súa industria.

Unha revisión do Plan que sexa capaz de aproveitar as oportunidades dos próximos anos e responder eficazmente aos retos e problemas que presenta.

Porén a Xunta de Galicia non está a contemplar ningunha das aportacións recibidas e manifesta que vai publicar un Plan Forestal de maneira unilateral. Isto está a producir un profundo rechazo en tódolos sectores afectados empresarial e socialmente.

Consideramos que a súa elaboración presenta carencias importantes. En primeiro lugar, o sector e as entidades sociais non foron consultados na fase de elaboración do borrador do Plan. Tal e como se reflicte na páxina web da Consellería do Medio Rural, na medida 4 propoñíase manter un grupo de traballo como organismo consultivo que revisara e realizara un seguimento da redacción do PFG. Isto non ocorreu.

Na medida 5, sinálase a necesidade de recompilar informes complementarios



sobre oferta e demanda de madeira para alcanzar unha análise máis precisa e con menos incertidumes do recurso madeireiro. Sen embargo, o análise estratéxico non é o axeitado, sendo preciso un plan estratéxico que contemple unha análise máis rigorosa.

Como resultado da medida 4, ao non implicar á todas as entidades afectadas na elaboración do mesmo, o borrador non é de consenso, nin é o resultado dunha análise e discusión cos sectores afectados.

O Plan Forestal de Galicia debe ser un documento estratéxico que debe contar non só coa implicación de todos os axentes que interveñen no sector forestal, senón co de todas as forzas políticas, ámbito académico e sociedade en xeral, cousa que non ten acontecido.

Sería tremendamente irresponsable aprobar un documento desta trascendencia sen darse as circunstancias antes descritas, a non ser que a aprobación do mesmo sea un obxectivo final en si mesmo. É imprescindible poñer en marcha dinámicas de traballo conxunto onde se poidan consensuar as liñas estratéxicas que poderían complementar o documento final.

Tendo en conta que o Plan Forestal de Galicia e unha ferramenta imprescindible para o desenvolvemento do territorio; equilibrio territorial; fomento da industria forestal, da madeira e o moble; a creación de milleiros de postos de traballo no rural galego e moitas outras implicacións, convértese nunha das regulamentacións públicas mais estratéxicas para o noso País. Por elo semella moi irresponsable pretender aprobalo de presa e correndo sen contar cos sectores implicados e sen ter sido debatido no Parlamento de Galicia onde reside a soberanía popular.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 18:28
Nº Rexistro: 26819
Data envío: 22/02/2018 18:28:43.227



Por todo o exposto, **En Marea** presenta as seguintes **Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- 1.- Pensa a Xunta de Galicia reconsiderar a súa posición actual de publicar o Plan Forestal de Galicia sen contar coas aportacións do sector, das entidades sociais afectadas, sindicatos e partidos políticos?
- 2.- Considera a Xunta de Galicia que un Plan como o Forestal ten unha importancia estratéxica para o desenvolvemento do País en décadas e por elo debería de ser tramitado, debatido e aprobado finalmente no Parlamento de Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 22/02/2018 18:28:04

Paula Quinteiro Araújo na data 22/02/2018 18:28:11

David Rodríguez Estévez na data 22/02/2018 18:28:18